



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 08/15

Data 26-06-2015

Acta anterior 13-06-2015



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D^a. María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D. José Emilio Mahía Neira

D^a Manuela García Freire

D. José Antonio Cotos Seoane

D^a. Marta García Sánchez

Non asisten

-

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 08/2015

Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e seis de xuño de dous mil quince.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e tres minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil quince, reúnen os concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o pasado día 24 de maio de 2015, asistindo nove concelleiros dos nove que resultaron electos, o que constitúe a maioría absoluta. Asisten dous cidadáns en calidade de público.

Faise constar que a presente sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación de actas anteriores (00h 00')

Por unanimidade dos asistentes acórdase deixar pendente a aprobación do borrador da acta anterior por non a ter recibido a totalidade dos concelleiros.

2.- Réxime de sesións.(00h 01')

A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:

-Que as sesións ordinarias deste concello se celebren con carácter bimensual, fixándose os segundos xoves de cada mes par, a non ser que por causa motivada non conveña realizalo. Nese caso convocarase para o xoves seguinte. O horario será ás trece (13) horas.

A portavoz do BNG, Manuela García Freire pide que se cambie o día ou a hora, pois ás trece horas é mala hora para que poidan asistir os veciños e habería que darlles esa opción.

En canto ás causas motivadas á que se refire o acordo coida que necesita unha explicación.

O alcalde contesta que, tal vez a expresión “non conveña realizalo” non é unha expresión correcta e sería máis correcto dicir, “non se poda realizar”, con respecto á concreción desas causas motivadas, considera que non se poden especificar neste momento, que haberá que especificalo en cada momento, pode ser porque non hai documentación, por ter que facer o secretario un cursiño, etc.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A portavoz do BNG solicita que se lles avise con tempo, e non como agora que nin se convoca nin se avisa.

O alcalde contesta que han ser casos contados e comprométese a que se comunicara en canto se saiba, se é catro días antes da data que corresponde mellor que con dous e explicando a causa, en calquera caso, no tempo que marca a lei para convocar as sesións (48 horas antes da mesma).

Con respecto ao horario, á 19 horas os veciños non estaban asistindo e os concelleiros do seu grupo non lles resulta un bo horario, preferindo ás trece horas por mor do traballo dos membros do seu grupo.

A continuación o alcalde le a proposta de acordo, que finalmente queda redactada do seguinte xeito:

-Que as sesións ordinarias deste concello se celebren con carácter bimensual, fixándose os segundos xoves de cada mes par, a non ser que por causa motivada non se poda realizar, avisando nada máis se saiba que non se pode celebrar aos membros da corporación, explicando a causa. Nese caso convocarase para o xoves seguinte. O horario será ás trece (13) horas.

Sometido a votación a proposta é aprobada por seis votos a favor (PP) e tres abstencións (BNG).

3.- Comisións informativas (00h 08')

A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:

En virtude do establecido no artigo 127 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, proponse ao pleno a creación da Comisión especial de contas, a cal exercerá ademais as funcións de Comisión informativa de economía e facenda, segundo autoriza o artigo 127.3 do RD 2568/1986 mencionado.

Igualmente propón que sexa presidida polo alcalde e que estea formada, ademais, por 2 concelleiros do PP e 1 do BNG, de xeito análogo a como estaba constituída actualmente.

Concedida a palabra á portavoz do BNG, Manuela García Freire, non ten nada que dicir sobre a proposta.

Sometido a votación a proposta é aprobada por seis votos a favor (PP) e tres abstencións (BNG).

4.-Nomeamento de representantes do concello (00h 09')

A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:

*Proponse o nomeamento dos seguintes representantes deste concello nos órganos que se dirán:
-Para o consello escolar: María del Carmen Torreiro Cotos, concelleira*



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

-Para o GDR23: Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello.

Concedida a palabra á portavoz do BNG, Manuela García Freire, non ten nada que dicir sobre a proposta.

Sometidas as propostas a votación son aprobadas por unanimidade dos asistentes.

5.- Decreto de nomeamento de tenentes de alcalde (00h 11')

A continuación o alcalde procede á lectura do decreto de nomeamento de tenentes de alcalde, que se reproduce no fundamental a continuación:

Fernando Pérez Fernández, con DNI. 32.806.179-Z, alcalde-presidente do Concello de Vilasantar, sendo o día 23-06-2015, en presenza do secretario deste concello emito a seguinte resolución:

1) Nomear aos seguintes tenentes de alcalde, pola mesma orde en que se relaciona:

- 1.- Oscar Vázquez Corral*
- 2.- María del Carmen Torreiro Cotos*
- 3.- Emilio Mahía Neira*

Notificar persoalmente a resolución aos designados que, salvo manifestación expresa, considerarase aceptada tacitamente.

Remitir a resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura desta resolución, e, así mesmo, publicar no taboleiro de editos deste concello.

Mándao e asina o sr. alcalde, Fernando Pérez Fernández, en Vilasantar, na data arriba mencionada do que como secretario, dou fe.

Do presente decreto darase conta ao pleno do concello na primeira sesión que se celebre para a súa constancia.


Concedida a palabra á portavoz do BNG, Manuela García Freire, non ten nada que dicir sobre o decreto.

6.- Decreto de delegacións na Xunta de goberno local (00h 17').

A continuación o alcalde procede á lectura do Decreto de Constitución e delegacións na Xunta de goberno local, que se reproduce a continuación:

Fernando Pérez Fernández, con DNI. 32.806.179-Z, alcalde-presidente do Concello de Vilasantar, sendo o día 23-06-2015, en presenza do secretario deste concello emito a seguinte resolución:

Vistos os artigos 35 e 52 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais neste concello, por telo acordado así o pleno do concello, acordo:

1) Que os membros da Xunta de goberno local deste concello serán:

Fernando Pérez Fernández, alcalde

1.- Oscar Vázquez Corral, 1º tenente de alcalde

2.- María del Carmen Torreiro Cotos, 2ª tenente de alcalde

3.- Emilio Mahía Neira, 3º tenente de alcalde

2) Que a periodicidade das sesións da Xunta de goberno local será cada 14 días.

3) Delegar na xunta de goberno local as seguintes atribucións das que se establecen no apartado 3 do artigo 21 da lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, na súa actual redacción dada pola lei 11/1999, do 21 de abril (BOE do 22 de abril):

As sinaladas no artigo 23.1 da lei citada,. letras f, h, j, n, o, q. s.

4) Propoñer ao pleno do concello a delegación na Xunta de goberno local da totalidade das atribucións fixadas no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que son a totalidade das súas funcións agás as enunciadas no parágrafo 2, alíneas a), b), c), d), f), g), h), i), l) e p) e no parágrafo 3 do mencionado artigo 22 da Lei 7/1985.

Mándao e asina o sr. alcalde, Fernando Pérez Fernández, en Vilasantar, na data arriba mencionada do que como secretario, dou fe.

Prodúcese un breve debate, con intervención, a petición do alcalde, do secretario, sobre a necesaria asistencia ou non, a todas as sesións da XGL de todos membros da mesma. Queda aclarado que os membros da XGL teñen que asistir todos a todas as sesións, as cales, en calquera caso, consideraranse validamente constituídas coa presenza de cando menos tres membros, incluído ao alcalde presidente.

O alcalde presidente pregunta ao secretario se a proposta é igual á da anterior lexislatura, contestando o secretario que, como se pode ver, a proposta respecto ás delegacións da alcaldía na XGL son distintas pois non se delega a totalidade das posíbeis legalmente, senón só as mencionadas.

A portavoz do BNG, Manuela García Freire comenta que eles non teñen nada que dicir respecto ás delegacións da alcaldía na XGL, pero amosa o seu desacordo coas delegacións do pleno, pois considera que é quitar competencias ao pleno que é o órgano de máxima representación dos veciños do concello que quedaría baleirado de contidos sen ningunha razón obxectiva.

O secretario, a petición do alcalde especifica que esta proposta de delegación do pleno na XGL si hai que votala, pois é unha proposta.

Á vista do decreto o pleno do concello toma coñecemento dos puntos 1, 2 e 3.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Sometida a votación a proposta de delegacións do pleno na xunta de goberno local é aprobada por seis votos a favor (PP) e tres en contra (BNG).

7.-Proposta do alcalde sobre cargos con dedicación exclusiva (00h 20')

A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:

Pola alcaldía proponse determinar que o cargo de Alcalde realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución total bruta de 28.812,00 euros/anuais, a pagar en catorce pagas, que representa unha paga líquida de 1.554,25 euros/mes e bruta de 2.058,00 euros/mes. A corporación farase cargo das cotas empresariais á seguridade social que correspondan.

Publicar no BOP o presente acordo a efectos de xeral coñecemento dada a súa transcendencia

Propoñer a fixación dos seguintes retribucións ou asignacións a órganos colexiados: 50 euros por asistencia a plenos, 50 euros por asistencia a xunta de goberno local e asignación a grupos políticos, 100 euros por concelleiro da corporación.

O alcalde indica que se mantén igual que na lexislatura anterior, por razóns orzamentarias, se ben ten pensado realizar unha suba do seu soldo, eliminando as dietas, e incrementar tamén a cantidade asignada por asistencia a órganos colexiados a 60,00 euros e aos grupos municipais a 110,00 euros por concelleiro. Prodúcese un debate coa portavoz do BNG que pide que se recolla o que dixo o alcalde sobre as dietas.

A portavoz do BNG manifesta que lle parece que nas cantidades que se reflicten como brutas e líquidas hai un erro, pois son iguais ao acordo da lexislatura anterior e houbo unha baixada no IRPF. Tamén por motivos de transparencia lle parecería que se reflectisen as cotas a SS a cargo do concello, que tamén son gastos deste capítulo. Engade que eles opinan que os alcaldes deben ter unhas retribucións dignas polo que non votarán en contra.


En canto á asignación aos grupos municipais non amosan tampouco a súa oposición. Adiantan que van pedir un local para poder facer o seu traballo de oposición, contestando o alcalde que esa petición non ten que ver cos asuntos que se están a tratar.

Sometida a proposta á votación é aprobada na súa totalidade por 6 votos a favor (PP) e 3 abstencións (BNG).

8.-Nomeamento de tesoureira depositaria (00h 26')

A continuación o sr alcalde procede á lectura do decreto que se reproduce no fundamental a continuación:

Como consecuencia da renovación da Corporación Local do Concello de Vilasantar, que eu, Fernando Pérez Fernández, presido dende o día 13 de xuño de 2015, emito o seguinte,



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

DECRETO:

PRIMEIRO. *Propoñer ao pleno do concello, de conformidade co artigo 2.f) do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, como concelleira tesoureira deste Concello a Dona María Carmen Torreiros Cotos, con DNI 33.263.431-A*

SEGUNDO. *Que o pleno do concello releve á concelleira tesoureira da obriga de prestar fianza, facendo constar que todos os membros da corporación (ou, no seu caso, a maioría absoluta dos mesmos) se fan responsables solidarios do resultado da súa xestión.*

TERCEIRO. *Notificar a presente resolución á designada, que deberá aceptar expresamente o devandito nomeamento, polo que se fará cargo das súas funcións mediante a sinatura da acta de arqueo.*

CUARTO. *Comunicar aos bancos, á Caixa Xeral de Depósitos e aos establecementos análogos o nomeamento do concelleiro tesoureiro logo da aceptación do seu cargo.*

A concelleira María Carmen Torreiros Cotos manifesta, a petición do alcalde, o seu acordo co nomeamento.

A portavoz do BNG indica que non ten nada que dicir sobre a proposta, que eles vanse abster porque non se van facer responsábeis da súa xestión.

Á vista da proposta contida no decreto o pleno do concello, por seis votos a favor (PP) e tres abstencións (BNG) acorda aprobala, quedando nomeada como tesoureira-depositaria a concelleira María Carmen Torreiros Cotos, a cal queda relevada da obriga de prestar fianza por maioría absoluta dos membros da corporación.

9.- Constitución dos grupos municipais (00h 29')

A continuación o sr secretario dá conta de que, dentro do prazo legal, presentáronse escritos de constitución dos grupos municipais seguintes:

Grupo municipal do Partido Popular (PP), constituído por D. Fernando Pérez Fernández, D. Oscar Vázquez Corral, D. José David Pintor Paz, D^a. María del Carmen Torreiro Cotos, D. Jesús Gómez García e D. José Emilio Mahía Neira. Designan como portavoz do Grupo a Fernando Pérez Fernández, e como portavoces suplentes a Oscar Vázquez Corral e D^a. María del Carmen Torreiro Cotos

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), constituído por D^a Manuela García Freire, D. José Antonio Cotos Seoane e D^a. Marta García Sánchez. Designan como portavoz do Grupo a Manuela García Freire, e como portavoces suplentes a José Antonio Cotos Seoane e Marta García




Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Sánchez.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as trece horas e trinta e catro minutos (duración de 30' 54"), do que eu, secretario, dou fe.


O alcalde.
Asdo. Fernando Pérez Fernández
VILASANTAR (A CORUÑA)

O secretario
Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.
VILASANTAR (A CORUÑA)